

GUIAS DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Comercio electrónico

22



Índice

1. INTRODUCCIÓN	5
1.1. Obxectivos do estudo	5
1.2. Metodoloxía	6
1.3. Características da guía de actividade empresarial	6
2. DESCRICIÓN DO SECTOR	7
3. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS	10
4. CONTEXTO SECTORIAL	10
4.1. O comercio electrónico en España	12
5. O COMERCIO ELECTRÓNICO	17
5.1. Tipos de comercio electrónico	18
5.2. O mercado do comercio electrónico	20
5.2.1. Produtos que se poden mercar e vender a través de Internet	20
5.2.2. Novos servizos e negocios na rede	22
5.3. A compra segura	24
5.3.1. Medios de pago	24
5.3.2. Seguridade nas transaccións	26
5.4. Análise competitiva	28
5.4.1. Evolución do número de empresas que usan comercio electrónico	29
5.4.2. Análise dos competidores potenciais	29
5.4.3. Produtos substitutos	30
5.4.4. Relacións cos provedores	31
5.4.5. Relación cos clientes	32
5.5. A tenda virtual	33
5.5.1. A tenda virtual: pasos para a súa creación, proceso da venda, vantaxes	33
5.5.2. O trato co cibercliente	37
6. VARIOS	39
6.1. Marco normativo	39
6.1.1. Marco xurídico e fiscal do comercio electrónico.....	39
6.1.2. Normas sectoriais	42
6.2. Axudas	44
6.3. Organismos	45
6.3.1. Organismos oficiais e institucións.....	45
6.3.2. Asociacións profesionais	46
6.3.3. Centros de estudos	47

6.4. Páginas útiles en Internet	49
6.5. Bibliografía.....	50
6.6. Glosario.....	52
6.7. Fuentes	55
7. ANEXOS	56
7.1. Anexo de información estadística de interese	56
7.2. Anexo de feiras	56
7.3. Anexo de formación	58
8. NOTA DE AUTORES	61

1. INTRODUCCIÓN

Como Utilizar esta Guía

O seguinte esquema amosa o percorrido que seguirás ó longo da lectura desta Guía e ten por finalidades facilitarche a comprensión da mesma. A información agrúpase en oito bloques na seguinte orde:

1 Introducción

Cáles son os obxectivos desta guía, o método que seguimos para a súa elaboración e o enfoque que se seguiu á hora de realizala.

2 Descrición do sector

Cal é o conxunto de actividades que comprende o sector do comercio electrónico.

3 Principais conclusións

Resumo da Guía coas principais conclusións que tira a lectura da mesma.

4 Análise do contexto sectorial

Análise do sector do comercio electrónico en España.

5 O Comercio electrónico

Análise da actividade do comercio electrónico, a súa demanda e competencia.

6 Varios

Información sobre distintos aspectos da actividades: directorio de organismos, páxinas web, bibliografía, glosario, etc.

7 Anexos

Inclúe información estadística de interese, feiras, cursos, etc

1.1. Obxectivos do estudo

Os datos que o emprendedor necesita para facer unha primeira análise de viabilidade do seu proxecto empresarial, xeralmente, son estimados de forma intuitiva ou teñen natureza sectorial ou macroeconómica. Resulta evidente que, en ambos casos, a información da que se dispón é de pouca axuda para a elaboración do Plano de Empresa, ao non estar adaptada á realidade do contorno no que se vai desenvolver a actividade.

Por conseguinte, o obxectivo da presente Guía é o de proporcionar información relevante para facilitarache a análise sobre a viabilidade da túa idea e a propia elaboración do teu Plano de Empresa.

1.2. Metodoloxía

Durante o proceso de elaboración desta Guía realizouse un estudo de gabinete baseado en fontes de información secundarias (estadísticas, informes publicados, enquisas, monografías, etc.), mediante o que se pretende definir as condicións obxectivas nas que se encontra esta modalidade comercial en España.

1.3. Características da guía de actividade empresarial

A Guía de Comercio Electrónico é unha Guía de Xenérica. Por tanto, trátase dunha Guía que analiza o conxunto de actividades (microactividades ou sectores) que comparten unha forma de traballar, con independencia dos colectivos aos que se dirixen.

Para obter máis información sobre a clasificación xeral dos tipos de guías podes consultar a Guía de Recursos editada por Bic Galicia dentro desta colección "Guías de actividade empresarial" e dispoñible na web <http://guias.bicgalicia.es> Esta guía de recursos é un instrumento de apoio ás guías de actividade xa que contén información xeral aplicable a todos os sectores. Debes consultala simultaneamente á guía específica relacionada coa túa actividade.

2. DESCRIPCIÓN DO SECTOR

Os antecedentes históricos do comercio electrónico remóntanse a principios dos anos vinte, en Estados Unidos, coa aparición da venda por catálogo impulsada polas grandes tendas de comercio por xunto. Trátase dun sistema de venda que consiste nun catálogo con fotos ilustrativas dos produtos a vender. Esta modalidade permite unha mellor chegada aos clientes, dado que xa non é necesario atraer os compradores de lugares remotos aos puntos de venda. Ademais leva a vantaxe de que os clientes poden escoller os produtos desde a tranquilidade dos seus fogares e desde o anonimato, sen a asistencia e, nalgúns casos, presión dun vendedor. Este tipo de comercio experimentou o seu maior auxe coa aparición das tarxetas de crédito.

A mediados dos anos oitenta, paralelamente a unha maior difusión da televisión, xurdiu unha segunda modalidade de venda por catálogo: a televenda. Neste sistema os produtos son expostos con maior realismo e co aliciente de que poden ser mostrados resaltando as súas calidades. A venda concrétese habitualmente a través do teléfono e normalmente utilízase a tarxeta de crédito como forma de pago.

A finais do século XX fai a súa aparición o comercio electrónico, obxecto desta guía. A principios dos anos setenta xorden as primeiras relacións comerciais que utilizan ordenadores para a transmisión de datos. Trátase inicialmente dun intercambio de información sen ningún estándar, realizado entre empresas dun mesmo sector e destinado principalmente ás melloras nos procesos de fabricación. A mediados dos oitenta, esta modalidade de comercio evoluciona bastante e créanse os primeiros estándares destinados a procesar ordes de pedido electrónicas. A partir de aí a evolución do comercio electrónico foi paralela ao desenvolvemento de Internet, chegando a uns niveis de extensión e eficacia impensables fai tan só uns anos.

Actualmente, Internet constitúe unha ferramenta fundamental nos procesos de negocio, tanto para efectuar melloras na produtividade como para establecer novos puntos de contacto cos clientes, así, o desenvolvemento das telecomunicacións e a tecnoloxía fixo posible que o intercambio de datos creza a niveis extraordinarios, simplificándose cada vez máis o proceso e creando novas formas de comercio entre as que se atopa o comercio electrónico.

O comercio electrónico pode ser definido, conforme á Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), como aquela transacción económica que implica a compra ou a venda de produtos (bens ou servizos), xa sexa entre empresas, fogares, individuos, administración, ou outras organizacións públicas ou privadas. Este comercio pode ser realizado a través de dos medios principais:

- Internet: os bens ou servizos contrátanse a través da Rede, aínda que o pago ou a entrega do ben ou servizo pode realizarse por esta ou outras vías. Nesta definición inclúense aqueles pedidos recibidos ou realizados sobre calquera aplicación de Internet utilizada para transaccións automáticas, tales como páxinas web e Extranets, e outras aplicacións baseadas en Internet, tales como EDI, Minitel, ou calquera outra aplicación permitida na web, sen ter en conta como se accede a esta (por exemplo a través do móbil ou dun equipo de televisión...). Quedan excluídos os pedidos recibidos ou realizados por teléfono, facsímile ou correo electrónico convencional.

- Redes telemáticas: os bens ou servizos encárganse a través destas redes, aínda que o pago ou a entrega última do ben ou servizo pode realizarse por estas ou outras vías.

Deste modo, o comercio electrónico comprende tanto bens físicos como bens dixitais. É preciso sinalar que este tipo de comercio non é simplemente unha ferramenta de apoio ás transaccións dixitais, senón que comprende todos os pasos da transacción, como por exemplo a función de marketing en aspectos tales como a compravenda electrónica de bens, a procura de información comercial, a negociación entre comprador e vendedor, a publicidade on line, a xestión de cobros e pagos etc.

Por outra parte, é importante diferenciar entre comercio na web e comercio electrónico. O primeiro pode ser definido como a utilización dun explorador de comunicacións a través de Internet para identificar os provedores, seleccionar produtos ou servizos realizando un compromiso de compra e unha transacción económica, para obter finalmente dito servizo, pero a execución pode efectuarse electronicamente ou dun modo tradicional. Porén, como xa se mencionou, o comercio electrónico supón un concepto máis amplo, pois refírese ao feito de facer negocios electronicamente a través Internet, redes entre empresas ou calquera outro modo de unión, sempre electrónica, entre os axentes económicos.

Algunhas das actividades relacionadas co comercio electrónico, foron tratadas xa con maior profundidade noutras guías:

- Guía de Teletraballo.
- Guía de Instalacións domóticas, seguridade electrónica e tenda de automatismos.
- Guía de Gabinetes de Programación.
- Guía de Producción Multimedia.
- Guía de Formación On-line.
- Guía de Servizos Integrais en Internet.

Podes consultalas na páxina web: <http://guias.bicgalicia.es>

O cadro seguinte recolle catro aspectos clave, que poden axudarche a reflexionar

sobre as condicións que debe reunir a túa idea de negocio.

A IDEA

- | | |
|-------------------------------|---|
| 1. Orixe da idea | <i>Forte desenvolvemento da tecnoloxía e as telecomunicacións que permiten a expansión de novas formas de comercialización máis flexibles, como o comercio electrónico.</i> |
| 2. Concepto de negocio | <i>Calquera tipo de empresa que poña a disposición dos seus clientes a posibilidade de adquirir os seus produtos e servizos a través de transaccións electrónicas.</i> |
| 3. Claves competitivas | <i>Posibilidade de ampliar o horario de venda ao máximo (24 horas ao día, 365 días ao ano) sen limitación xeográfica.</i> |
| 4. Aspectos críticos | <i>Elevado grao de competencia e necesidade de dar unha imaxe de credibilidade da empresa dada a desconfianza dalgúns consumidores.</i> |

3. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

- A penetración de Internet nos fogares españois seguiu unha evolución moi positiva. Entre 2002 e 2006, triplicouse o número de fogares con acceso a Internet.
- En canto ao acceso a Internet nos fogares, España ocupa posicións intermedias no conxunto da Unión Europea, aínda que máis preto dos países con taxas máis baixas que dos que teñen un maior nivel de acceso.
- Non hai un hábito de compra a través de comercio electrónico, nin nos particulares nin nas empresas, se ben detéctase un uso incipiente desta modalidade comercial.
- O perfil dos clientes que usan comercio electrónico correspóndese co de un varón, novo, con estudos superiores e residente en grandes urbes.
- A cifra de negocio do comercio electrónico ascendía en 2005 a case 2.150 millóns de euros, o que supón multiplicar por máis de 10 a do ano 2000.
- Hai varios tipos de comercio electrónico, pero o máis relevante para un posible emprendedor é o B2C, isto é, o dirixido cara aos consumidores particulares.
- Hai multitude de produtos e servizos que se poden vender a través da rede. Os máis demandados teñen que ver coas viaxes (billetes de autobús, tren, barco ou avión).
- Entre os servizos e negocios xurdidos na rede nos últimos anos, a venda de produtos e servizos é un dos que goza de maior proxección.
- A compra segura debe constituír unha das máximas prioridades do comercio electrónico.
- A tenda virtual é unha modalidade comercial menos custosa que a tradicional, ao tempo que garanta unha dispoñibilidade total para os clientes (24 horas ao día 365 días ao ano) e non coñece, en principio, limitacións xeográficas.
- A pesar da inexistencia de relación física, o trato co cibercliente debe ser coidadosamente cultivado.

4. CONTEXTO SECTORIAL

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

> A EVOLUCIÓN DO USO DE INTERNET NOS FOGARES ESPAÑOIS.

> A EVOLUCIÓN DA CIFRA DE NEGOCIO DO COMERCIO ELECTRÓNICO E DO GASTO MEDIO POR COMPRADOR.

> O PERFIL DAS PERSOAS QUE EMPREGAN O COMERCIO ELECTRÓNICO.

> OS INDICADORES ESENCIAIS DO USO DE INTERNET E DO COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS ESPAÑOLAS

A análise do contexto sectorial permitirache obter as seguintes conclusións:

- **A penetración de Internet nos fogares españois seguiu unha evolución moi positiva, a pesar do cal en 2005 só a terceira parte dos mesmos estaban conectados. No 2006 o 60,3% da poboación española dispoñía de Internet.**
- **En canto ao acceso a Internet nos fogares, España ocupa posicións intermedias no conxunto da Unión Europea, aínda que máis preto dos países con taxas máis baixas que dos que teñen un maior nivel de acceso.**
- **Non hai un hábito de compra a través de comercio electrónico, nin nos particulares nin nas empresas, se ben detéctase un uso incipiente desta modalidade comercial.**
- **O perfil dos clientes que usan comercio electrónico correspóndese co de un varón, novo, con estudos superiores e residente en grandes urbes.**
- **A cifra de negocio do comercio electrónico ascendía en 2005 a case 2.150 millóns de euros, o que supón multiplicar por máis de 10 a do ano 2000.**


4.1. O comercio electrónico en España

A aceleración do cambio social, isto é, a sucesión de cambios en todos os ámbitos da sociedade en períodos de tempo cada vez menores, é unha característica definitoria das modernas sociedades. As telecomunicacións constitúen un dos campos nos que este proceso faise máis tanxible. A vertixinosa implantación das novas tecnoloxías da información e a comunicación (NTIC o TIC, ver glosario), as continuas innovacións que operan no sector e a velocidade coa que pasaron a converterse en elementos constitutivos da vida cotiá son boa proba diso. Estas tecnoloxías permitiron que a información e o coñecemento convertéranse en vectores do desenvolvemento económico, dando pé ao que moitos autores denominaron “sociedade da información” (ver glosario).

No ámbito cotián, o desenvolvemento das NTIC concrétase, en primeiro lugar e de forma fundamental, na enorme expansión da telefonía móbil, convertida xa nun servizo universal: segundo datos do Observatorio Red o número de liñas de telefonía móbil en España superaba os 47,5 millóns en marzo de 2007, o que implica máis de unha liña por habitante. En segundo lugar, é preciso destacar a crecente implantación de Internet nos fogares. A continuación centrarémonos neste segundo aspecto, pois está moi relacionado co comercio electrónico.

Como se pode observar no seguinte cadro, en 2002 menos da quinta parte dos fogares españois posuían acceso a Internet. Tres anos despois, esta proporción ascendía á terceira parte. É dicir, entre 2002 e 2006 duplicouse o número de fogares que tiñan conexión.

Cadro 1: Evolución dos fogares con acceso a Internet, España, 2002-2006* (%)




Fonte: INE. Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación nos fogares. *Datos do 2º Trimestre de 2006

A pesar do gran desenvolvemento experimentado, España está lonxe dos países europeos con maior implantación de Internet, se ben ocupa unha posición intermedia no conxunto da UE, como se pode observar no Cadro 0400.1 do apartado 7.1. Así por exemplo, en 2005 case 4 de cada 5 fogares holandeses tiñan Internet, as tres cuartas partes dos suecos ou daneses e máis do 60% dos luxemburgueses, noruegueses ou alemáns. No extremo oposto, Grecia e algúns países de recente incorporación á Unión Europea (como Lituania, República Checa, Eslovaquia e Hungría) tiñan unhas taxas de penetración de Internet inferiores ao 25%.

Estes datos, pois, son indicativos do volume de fogares susceptibles de realizar compras mediante comercio electrónico, se ben só unha pequena parte utilizan este medio. A pesar de todo, o comercio electrónico supón unha modalidade comercial que se comezou a implantar con grande forza en España nos últimos anos, en paralelo ao crecente uso das NTIC por parte da poboación.

En efecto, como se pode apreciar no seguinte cadro, a Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación nos fogares do INE detectaba que, en 2006, un 74,2% das persoas maiores de 15 anos realizou algunha compra mediante comercio electrónico nos tres meses anteriores á realización da entrevista. Esta cifra supón un claro incremento respecto ao dato de 2002, ano no que só 2 de cada 100 persoas habían recorrido a esta modalidade de compra. Durante ese mesmo período, a porcentaxe de persoas que utilizaran Internet no trimestre anterior á enquisa ascendeu desde algo menos do 20% en 2002 a algo máis do 60% en 2006.


Cadro 2: Evolución das persoas que usaron Internet e mercaron a través de Internet, últimos 3 meses, España, 2002-2006* (%)



Fonte: Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación nos fogares. Instituto Nacional de Estadística (INE). *Datos do segundo trimestre de 2006

Por outra parte, o gasto medio por persoa tamén aumentou en dito período, se ben dunha maneira moito máis modesta. En 2005, este gasto situábase preto dos 500 euros anuais. A pesar de que o gasto medio por persoa, por tanto, non variou significativamente, o volume total si experimentou un crecemento exponencial desde o ano 2000. Así, o comercio electrónico B2C, isto é, de empresas a particulares (véxase o apartado 5.1 para unha descrición detallada de cada tipo de comercio electrónico), xeraba en España unha cifra de negocio moi reducida no ano 2000, pois só superaba lixeiramente os 200 millóns de euros. Un lustro despois, o volume de comercio ascendía a case 2.250 millóns de euros, é dicir, multiplicouse por máis de 10 durante este período. Se se toma como punto de partida o ano 2002, o incremento redúcese sensiblemente, a pesar do cal a cifra de negocio case se duplica tres anos máis tarde.

Cadro 3: Evolución do volume de comercio electrónico B2C e gasto anual medio por comprador, España, 2000-2005 (euros, millóns de euros)



Fonte: Rede.es e AECCEM-FECEMD. Estudo sobre comercio electrónico B2C

En relación coas características dos compradores, o perfil máis habitual correspóndese co de un home (en proporción case dobre que as mulleres), novo (de 25 a 34 anos), con estudos superiores e residente en grandes núcleos urbanos, como se pode observar no seguinte cadro.

Cadro 4: Perfil dos compradores mediante comercio electrónico, España, 2006* (persoas, %)

Perfil		Nº de persoas	%
Sexo	Home	3.879.578	58,87
	Muller	2.710.454	41,12
Idade	15 a 24 anos	1.321.180	20,04
	25 a 34 anos	2.375.503	36,04
	35 a 44 anos	1.660.376	25,19
	45 a 64 anos	1.184.356	17,97
	65 e máis	48.615	0,73
Nivel de estudos	Primaria ou menos	218.724	3,32
	Secundaria e Formación Profesional	3.420.246	51,94
	Educación universitaria	2.945.614	44,73
Hábitat	Máis de 100.000 habitantes e capitais de provincia	3.434.369	52,11
	De 50.000 a 100.000 habitantes	687.849	10,43
	De 20.000 a 50.000 habitantes	905.999	13,74
	Menos de 20.000 habitantes	1.561.815	23,69
TOTAL COMPRADORES		6.590.031	100,00

Fonte: Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación nos fogares. Instituto Nacional de Estadística (INE). *Datos do segundo trimestre

Por outra parte, e segundo datos procedentes da Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación nos fogares, as persoas que usaron Internet e, porén, non fixeron ningunha compra neste medio durante o ano anterior á enquisa, mostraban motivacións variadas. Así, unha importante porcentaxe dos entrevistados manifestaba a súa preferencia por “mercar persoalmente nunha tenda” (88,3%), ou ben simplemente afirmaban que “non tiveron a necesidade” (56,1%), xa sexa porque os produtos ofertados por Internet non chaman a súa atención, ou porque a adquisición de bens e servizos realízase de forma axeitada por outros medios tradicionais. Outros motivos son a “preocupación pola seguridade” ou a “preocupación pola privacidade” ao dar detalles da tarxeta de crédito ou ao dar detalles persoais, que declaran o 67,8% e 57,5% de non compradores respectivamente.

Os datos expostos ata aquí fan referencia fundamentalmente aos fogares e os consumidores particulares. No seguinte cadro recóllese información sobre o uso de Internet e do comercio electrónico por parte das empresas españolas.

Cadro 5: Evolución de distintos indicadores relativos ao uso de Internet e o comercio electrónico (CE) nas empresas, España, 2002-2005 (%)

	2002	2003	2004	2005
Empresas que dispoñen de conexión a Internet	81,73	87,44	89,95	92,65
Empresas con páxina web	40,94	45,45	48,26	50,23
Empresas que mercan mediante CE	7,43	9,26	10,59	16,14
Empresas que venden mediante CE	2,6	2,95	3,49	8,02

Fonte: Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. Instituto Nacional de Estadística (INE)

Como se pode apreciar, case 9 de cada 10 empresas posúen conexión a Internet, se ben non chegan á metade as que teñen páxina web propia. En ambos casos, a tendencia dos últimos anos apunta a un claro crecemento.

Por outra parte, o comercio electrónico comeza a ser unha opción para moitas empresas, sobre todo para comprar bens ou servizos. Algo máis de 1 de cada 10 empresas compraban en 2004 mediante comercio electrónico. Podemos apreciar tamén no cadro como no 2005 esta cifra se incrementou considerablemente, chegando a acadar máis do 16% do total das empresas.

5. O COMERCIO ELECTRÓNICO

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

- > OS DIFERENTES TIPOS DE COMERCIO ELECTRÓNICO EXISTENTES.
- > O TIPO DE PRODUTOS E SERVIZOS QUE HABITUALMENTE SE VENDEN MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO.
- > OS SERVIZOS E NEGOCIOS QUE XURDIRON EN INTERNET NOS ÚLTIMOS ANOS.
- > OS ASPECTOS QUE SE DEBEN MANEXAR EN RELACIÓN COA COMPRA SEGURA.
- > O ESTADO ACTUAL DA COMPETENCIA NO COMERCIO ELECTRÓNICO.
- > OS ELEMENTOS MÁIS IMPORTANTES PARA POÑER EN MARCHA UNHA TENDA VIRTUAL.

A análise do comercio electrónico permitirache deducir as seguintes conclusións:

- Hai varios tipos de comercio electrónico, pero o máis relevante para un posible emprendedor é o B2C, isto é, o dirixido cara aos consumidores particulares.
- Hai multitude de produtos e servizos que se poden vender a través da rede. Os máis demandados teñen que ver coas viaxes (billetes de autobús, tren, barco ou avión).
- Entre os servizos e negocios xurdidos na rede nos últimos anos, a venda de produtos e servizos é un dos que goza de maior proxección.

- **A compra segura debe constituír unha das máximas prioridades do comercio electrónico.**
- **A tenda virtual é unha modalidade comercial menos custosa que a tradicional, ao tempo que garanta unha dispoñibilidade total para os clientes (24 horas ao día 365 días ao ano) e non coñece, en principio, limitacións xeográficas.**
- **A pesar da inexistencia de relación física, o trato co cibercliente debe ser coidadosamente cultivado.**

5.1. Tipos de comercio electrónico

Existen diferentes modalidades o ámbitos de aplicación do comercio electrónico. Segundo os axentes que interveñen pódense destacar os seguintes, tal e como sinalan Álvaro Gómez e Manuel Veloso en *Economía dixital e comercio electrónico*.

- Empresa-Consumidor (Business to Consumer, B2C)

Trátase da modalidade de comercio electrónico máis popular, debido aos sectores que involucra: a empresa e os seus clientes. Tamén é coñecida como venda electrónica.

A empresa subministra un catálogo de produtos on line sobre o que o cliente pode realizar pedidos usando medios de pago tradicionais (transferencia, contra reembolso, cheque) ou electrónicos (tarxetas de crédito, pago por móbil).

Este tipo de comercio constitúe o obxecto de atención da presente guía, enfocada sobre todo para un emprendedor que desexe montar unha tenda virtual desde a que vender, fundamentalmente, a consumidores particulares.

- Empresa-Empresa (Business to Business, B2B)

O comercio electrónico entre empresas ten como principal finalidade o aprovisionamento de bens ou servizos por parte dunha delas. Esta aplicación do comercio electrónico está establecida desde hai bastante tempo, utilizando principalmente o intercambio electrónico de datos.

Esta modalidade representa a maior parte do negocio de Internet (estímase que preto do 80% do total). Trátase de transaccións que se ocupan de aspectos relacionados cos sistemas de pago, a integración de aplicacións de xestión (ERPs) dos participantes, e do intercambio de documentos mercantís mediante os estándares EDI e XML, que facilitan unha maior integración dos procesos loxísticos e de produción, e reducen os erros administrativos e os tempos dos procesos.

Neste ámbito destacan os mercados virtuais, que ofrecen múltiples servizos a empresas, tales como:

- Directorios empresariais.
- Publicación de catálogos de produtos.
- Ferramentas de procura de produtos.
- Poxas electrónicas.
- Servizos de soporte (información especializada do sector e formación).
- Servizos loxísticos (Coordinación de flotas de transporte e de almacéns, xestión de trámites aduaneiros, seguimento de pedidos).
- Xestión de pagos, control do crédito e financiamento.

Deste modo os mercados virtuais B2B obteñen os seus ingresos principalmente das cotas de subscripción dos participantes, cobrando comisións por cada transacción ou pola venda de servizos de soporte, e da venda de espazos publicitarios na web.

- Empresa-Emppleado (Business to Employee, B2E)

Considerado como o terceiro estadio da revolución de Internet, o B2E trata de rendibilizar ao máximo a eficiencia e o rendemento do empregador, reducindo ao mesmo tempo a complexidade das súas tarefas diarias. Os empregados son activos críticos da compañía, e a mellora nas súas relacións coa empresa representa un factor de vital importancia para a produtividade global.

- Empresa-Administración (Business to Administration, B2A)

Trátase das relacións entre as empresas e as administracións públicas. Caracterízase polo uso de Internet como canle de comunicación coas Administracións Públicas, co obxectivo de axilizar os trámites administrativos e o acceso aos mesmos.

- Particular-Particular (Customer to Customer, C2C)

Correspóndese con aquelas relacións comerciais que se realizan directamente entre particulares, normalmente son accións de compravenda ou poxas on line.

5.2. O mercado do comercio electrónico

5.2.1. Produtos que se poden mercar e vender a través de Internet

En principio as posibilidades de compravenda a través do comercio electrónico son ilimitadas, polo que Internet representa un enorme mercado onde se poden adquirir e poñer á venda todo tipo de produtos e servizos.

Algúns exemplos de produtos que se poden atopar habitualmente á venda en Internet son os seguintes:

- Servizos financeiros: banca electrónica, compra e venda de accións...
- Seguros, viaxes e produtos relacionados co turismo: Compra de billetes, reservas de hotel, alugamento de coches, paquetes turísticos...
- Todos aqueles produtos que se poden reducir a información electrónica e que non necesitan dun soporte físico: prensa e revistas dixitais, servizos de noticias, formación...
- Produtos difíciles de encontrar fisicamente: entradas de espectáculos e eventos deportivos noutras cidades...

Na rede podemos atopar tamén outros artigos como coches, roupa, xoguetes, agasallos, produtos para o fogar etc. que están encontrando un incipiente mercado a través do comercio electrónico.

En relación cos produtos físicos, existe unha certa propensión cara á compra de artigos de baixo custo. Porén, hai que ter en conta que para poder vender produtos físicos a través da rede hai que planificar previamente o custo do transporte. Así, os gastos derivados da distribución deben representar unha porcentaxe razoablemente baixa do custo final do produto. Por outra parte, hai que ofrecer algún valor engadido sobre o artigo, para que o cliente decida realizar a compra por Internet e non a través dunha tenda tradicional (por exemplo artigos orixinais e difíciles de atopar, menores prezos, comodidade e liberdade de horarios, información completa sobre os produtos etc.).

No seguinte cadro, extraído do *Estudo sobre o comercio electrónico B2C* realizado pola Asociación Española de Comercio Electrónico, recóllense as porcentaxes de produtos e servizos adquiridos en Internet polos internautas compradores no ano anterior á realización do informe:

Cadro 6: Produtos e servizos comprados por Internet no ano anterior, España, 2005 (%)*

Produto	%
Billetes de autobús, tren, barco ou avión	30,4
Electrónica (imaxe e son)	14,0
Libros	12,7
Lecer (espectáculos)	10,9
Música	6,6
Reservas aloxamentos	5,4
Alimentación	5,3
Roupa e complementos	4,9
Software	4,8
Hardware	4,5
DVD	4,2
Agasallos	1,9
Paquetes turísticos	1,8
Servizos de Internet	1,6
Artigos deportivos	1,5
Videoxogos	1,5
Produtos de telefonía	1,4
Xoguetes	1,3
Decoración, fogar	1,2
Servizos financeiros e seguros	1,1
Outros	6,8
Ns/Nc	1,8

*Fonte: Rede.es e AECEM-FECEM. Estudio sobre Comercio Electrónico B2C 2005 * En "Outros" inclúese: loterías, flores, alugamento de coches, formación on-line, poxas, gourmet, cosmética, perfumería, produtos de telefonía, viños, coches/motos, e accesorios para vehículos.*

Como se pode observar, os resultados coinciden en apuntar que os billetes de avión, tren, barco e autobús son os produtos máis comprados a través de Internet, xa que supoñen 3 de cada 10 compras. A electrónica e os libros representan un 14% e un 13%, respectivamente, mentres que o lecer (espectáculos) concentra unha de cada 10 compras. O resto de produtos teñen unha frecuencia inferior ao 10%.

5.2.2. Novos servizos e negocios na rede

Internet non só supuxo unha nova canle de comunicación e negocio para a venda de produtos e servizos xa existentes, senón que posibilitou a aparición de novas áreas de negocio que xurdiron precisamente a raíz do desenvolvemento da rede. Neste sentido, cómpre identificar ao menos catro áreas básicas de negocio emerxentes, tal e como recollen Álvaro Gómez e Manuel Veloso no estudo xa citado:

Prestación de servizos relacionados con Internet

Trátase dunha área de negocio que provén basicamente do sector das telecomunicacións, a informática e ou marketing, ofrecendo unha serie de servizos en Internet, entre os que podemos destacar os seguintes:

- Servizos de conexión: son empresas que se encargan de ofrecer servizos de conexión á rede dirixidos tanto a empresas como a particulares. Na actualidade trátase dun sector fortemente competitivo, debido á proliferación de provedores de rede que se deu nos últimos anos, o que repercutiu nunha redución importante dos prezos dos servizos. Por outra parte, desde a aparición de servizos de acceso gratuito en 1998 e a extensión das tarifas planas en 2000, estes negocios son pouco rendibles.
- Comunicacións empresariais: trátase de provedores de acceso que, ademais, ofrecen servizos de comunicacións de valor engadido orientadas a empresas e profesionais (como o EDI-Web), creación de redes privadas virtuais, telefonía, Fax vía Internet, etc.
- Marketing dixital: son empresas especializadas en Marketing Dixital, que compiten con axencias publicitarias tradicionais e con algúns provedores de acceso. Entre os servizos ofertados destaca a realización de estudos de mercado, a posta en marcha de programas de fidelización de clientes, a realización de campañas publicitarias na rede, o deseño de estratexias de comunicación, etc.
- Xestión de centros comerciais virtuais: trátase de provedores de acceso a Internet especializados en servizos empresariais. Nesta categoría englobanse todos os servizos relacionados co comercio electrónico: creación de catálogos, xestión de servidores de comercio electrónico seguros, actualización de tendas virtuais...
- Servizos de deseño e hospedaxe de páxinas Web: trátase dun servizo normalmente proporcionado polos propios provedores de acceso, aínda que tamén o ofertan algúns profesionais autónomos con coñecementos de informática e axencias de publicidade. Consiste no deseño, creación e hospedaxe de páxinas Web. Na actualidade trátase dun servizo cunha importante demanda.
- Formación: os servizos formativos adoitan ser ofertados por academias de informática e provedores de servizo. Consiste na impartición de cursos xerais sobre Internet.
- Consultora na área de Internet: neste ámbito compiten os provedores de servizo coas consultoras especializadas en marketing. Adoitan ofrecer formación relacionada con Internet.

Vendas de espazo

A estratexia principal deste tipo de negocios consiste en conseguir o maior número de visitantes posible á páxina. Unha das tácticas máis empregadas consiste en proporcionar contidos interesantes e todo tipo de servizos gratuítos aos internautas para desta forma converterse nun “portal” o punto de entrada de Internet e así poder vender espazo publicitario ás empresas que queiran anunciarse. Neste tipo de negocios é importante proporcionar os medios necesarios para segmentar a audiencia e controlar os resultados da publicidade. Un exemplo paradigmático de páxinas web financiadas a través da publicidade son os buscadores.

Algunhas estratexias a ter en conta neste tipo de negocios son as seguintes:

- Converterse nun punto de entrada a Internet.
- Especializarse en determinados contidos.
- Crear comunidades virtuais de usuarios.
- Editar prensa e revistas dixitais.
- Crear guías locais.

Subscrición aos servizos de unha Web

Este modelo de negocio basea os seus beneficios no cobro dunha subscrición por acceder aos contidos da Web, se ben pódese establecer a variante de cobro por consulta cando o usuario accede de forma esporádica ou puntual ao contido da Web. Algúns dos servizos máis frecuentes ofrecidos nesta categoría son os seguintes:

- Subscrición a periódicos ou revistas dixitais.
- Subscrición a servizos de información empresarial (venta de informes ou estudos, fontes de información estatística etc.).
- Subscrición a enciclopedias electrónicas.

Venda de produtos ou servizos

Dentro desta estratexia de negocio podemos identificar catro variantes:

- Venda directa de produtos e servizos dixitais (música, estudos de mercado, informes e artigos, xogos e servizos de entretemento...).
- Venda directa de produtos físicos que se envían ao comprador mediante un servizo de distribución (libros, música, roupa...).
- Asesoramento sobre certos produtos e cobro dunha comisión polas vendas xeradas, é o que se denomina “infomediarios” (coches, pisos, seguros...).
- Prestación de servizos de soporte a transaccións vía Internet, que permite crear un contorno virtual desde o que se desenvolven diversas operacións e se cobra unha comisión por cada operación ou por acceder aos servizos ofrecidos (centrais de compra de consumidores, como poxas ou mercados electrónicos inversos).

A venda de produtos ou servizos realízase fundamentalmente desde as denominadas tendas virtuais. No apartado 5.5 poderás profundar no coñecemento das súas características: pasos que hai que seguir para poñer en marcha unha tenda virtual, como ten lugar o proceso de venda, os requisitos técnicos que se deben cumprir, así como as vantaxes que presenta esta modalidade de venda. Inclúese tamén un apartado que describe como deben ser as relacións cos ciberclientes.

5.3. A compra segura

5.3.1. Medios de pago

Os medios de pago son aquelas pasarelas entre a empresa e o cliente polas cales se fan efectivas as transaccións económicas, e son de vital importancia para o exercicio do comercio electrónico.

No comercio electrónico existen numerosas posibilidades para efectuar os pagos, o que si resulta imprescindible é asegurar que esta transacción realízase nun contorno seguro. A continuación recóllense algunhas das formas de pago máis comúns:

- Transferencia bancaria: É quizás a forma máis sinxela e segura de efectuar un pago sobre unha compra realizada por Internet. Ten o inconveniente de que o gasto bancario que supón dita operación pode chegar a ser prohibitivo para o usuario, sobre todo para artigos de baixo custo, máxime se temos en conta que en moitas ocasións realízanse transferencias bancarias entre diferentes países, co cal incrementáanse aínda máis as comisións.
- Pago contra reembolso: Neste caso o cliente paga cando recibe a mercadoría. Trátase dun método que xera confianza entre os consumidores, pero non todas as empresas dispoñen desta forma de pago, porque tamén implica algúns riscos. Neste caso, é importante que os datos de entrega e confirmación de pedido estean moi claros para evitar malentendidos que poden supor un custo engadido.
- Tarxeta de crédito/débito: É o método máis utilizado habitualmente. Trátase dunha operación rápida, pero que a moitos clientes aínda lles segue formulando receos facilitar un número de tarxeta de crédito para realizar unha compra on line.
- Pagos telefónicos: Estanse empezando a utilizar pagos con cargo a contas telefónicas. Xeralmente trátase de pagos de escaso importe, existindo diversas modalidades para acceder a eles. A máis usual é a través de mensaxes SMS, enviando dito mensaxe a un número telefónico. O custo destes servizos adoita ser alto e o importe facturado ao usuario/a tende a repartirse entre tres intermediarios: a compañía telefónica, o provedor do servizo e a entidade financeira.
- Pagos a través de móbil - "mobipay": É un servizo que permite pagar en calquera tenda virtual ou establecemento identificado co distintivo "mobipay". Trátase dun sistema que está promovido pola maior parte das entidades financeiras, tres compañías de telefonía móbil e os provedores de medios de pago financeiros. Ao darse de alta no servizo, o cliente asocia os seus medios de pago habituais ao teléfono móbil, podendo xestionar estes a través dese teléfono mediante a introdución dunha clave persoal. O pago tramítase como calquera outro pago con tarxeta, tendo que facilitar o cliente a súa clave persoal para autorizar a operación. Por tanto, considérase un medio de pago tan seguro como o realizado persoalmente mediante tarxeta de crédito.

En calquera das modalidades, unha vez efectuado o pago, o comerciante envía os produtos adquiridos contratando os servizos dunha empresa de paquetería (no caso de bens físicos) ou ben directamente vía web (no caso de bens dixitais, como información, programas ou música), abaratando substancialmente os custos de distribución.

No seguinte cadro recóllense os medios de pago máis utilizados polos internautas en España durante 2005:

Cadro 7: Medio de pago máis utilizado en comercio electrónico B2C, España 2005

Medio de pago	%
Tarxeta de crédito/débito	48,3
Contra reembolso	34,7
Transferencia bancaria	13,4
Domiciliación bancaria	1,3
Tarxeta Pay Pal	0,7
Outros tipos de tarxetas	0,5
Outros	0,8
Ns/Nc	0,2

Fonte: Rede.es e AECEM-FECEM. Estudio sobre Comercio Electrónico B2C 2005

Así pois, en 2005 o medio de pago máis utilizado para comprar en Internet foi a tarxeta de crédito o débito, xa que case a metade dos internautas afirman ter utilizado este medio. Séguenlle en importancia o pago contra reembolso (con algo máis dun terzo do total) e a transferencia bancaria, que supón arredor do 13% no ano 2005.

Algúns dos requisitos que debería cumprir un medio de pago desenvolvido para dar soporte ás vendas por comercio electrónico son os seguintes:

- Seguridade das transaccións.
- Fiabilidade.
- Adecuación aos distintos tipos de transaccións electrónicas.
- Anonimato.
- Facilitade de uso.
- Facilitade de integración cos sistemas de xestión empresarial.
- Interoperabilidade con outros sistemas de pago.
- Divisibilidade das unidades monetarias procesadas polo sistema.
- Baixo custo asociado ao procesamento de cada transacción.
- Escalabilidade (ver glosario), isto é, capacidade dun sistema informático de adaptarse a un número de usuarios cada vez maior sen perder a calidade dos servizos.

5.3.2. Seguridade nas transaccións

No comercio electrónico o punto máis feble foi, e continúa sendo, a forma de pago. Trátase do maior obstáculo tanto técnico como psicolóxico que debe ser vencido para que se produza o despegue definitivo do comercio electrónico. Deste modo, é importante fomentar a confianza dos usuarios para que se vexan protexidos fronte a posibles fraudes, debido a que a información que circula a través da rede pode ser obxecto de interceptación nalgún punto do ciberespacio por algunha persoa que utilice os seus elevados coñecementos informáticos con fins delituosos (véxanse no glosario os termos cracker, hacker e sniffer).

Para dar unha impresión de fiabilidade aos clientes é necesario que na tenda virtual apareza a dirección física da empresa e o número de teléfono. Tamén se dará unha maior sensación de seguridade se se achega información sobre a transacción, indicando, por exemplo, o destino dos datos persoais que vaian a ser facilitados. Neste sentido, débese aconsellar desde a mesma páxina a importancia de imprimir un resguardo da transacción así como dar a coñecer cales son os prazos de entrega e as condicións, se existe custo adicional, restricións segundo zonas xeográficas, seguro, posibilidade de devolución, queixas ou cancelación, etc.

En relación con iso, nos últimos anos xurdiron numerosas tecnoloxías de pago electrónico que ofrecen as garantías de seguridade necesarias para realizar compras na rede de maneira fiable. Hai que destacar neste sentido, o traballo realizado pola criptografía, ciencia que estuda os mecanismos necesarios para asegurar a confidencialidade e integridade das transaccións e que desenvolveu varios protocolos de seguridade.

Un dos protocolos criptográficos máis estendido é o denominado SSL (Secure Sockets Layer) e o seu sucesor, o TLS (Transport Layer Security). Trátase de protocolos de seguridade que proporcionan comunicacións seguras en Internet. Desta forma o cliente e o servidor intercambian unha serie de mensaxes para negociar as melloras de seguridade. Este protocolo segue as seguintes fases:

1. A fase Ola, usada para poñerse de acordo sobre o conxunto de algoritmos para manter a intimidade e para a autenticación. O navegador infórma ao servidor dos algoritmos que posúe dispoñibles. Normalmente utilizaranse os máis fortes que se poidan acordar entre as dúas partes. En función das posibilidades criptográficas do navegador, o servidor elixirá un conxunto ou outro de algoritmos cunha certa lonxitude de claves.
2. A fase de autenticación, na que o servidor envía ao navegador o seu certificado x.509v3 que contén a súa clave pública e solicita á súa vez ao cliente o seu certificado X.509v3 (só si a aplicación esixe a autenticación de cliente).
3. A fase de creación de clave de sesión, na que o cliente envía ao servidor unha clave mestra a partir da cal xerárase a clave de sesión para cifrar os datos intercambiados posteriormente facendo uso do algoritmo de cifrado simétrico acordado na fase anterior. O navegador envía cifrada esta clave mestra usando a clave pública do servidor que extraeu do seu certificado na fase anterior. Posteriormente, ambos xerarán idénticas claves de sesión a partir da clave mestra xerada polo navegador.
4. Por último, a fase Fin, na que se verifica mutuamente a autenticidade das partes implicadas e que a canle seguro foi correctamente establecido. Unha vez finalizada esta fase, xa se pode comezar a sesión segura.

De aí en adiante, durante a sesión segura aberta, SSL proporciona unha canle de comunicacións segura entre os servidores Web e os clientes (os navegadores) a través da cal intercambiarase cifrada a información relevante, como o URL e os contidos do documento solicitado, os contidos de calquera formulario enviado desde o navegador, as cookies enviadas desde o navegador ao servidor e viceversa e os contidos das cabeceiras HTTP.

Outros protocolos criptográficos bastante estendidos son os seguintes:

- SET (Secure Electronic Transaction): é un protocolo estandarizado e apoiado pola industria, deseñado para salvagardar as compras pagadas con tarxeta a través de redes abertas, incluíndo Internet. Ofrece servizos de autenticación, confidencialidade, integridade e xestión do pago.

- CIBERCASH: constitúe un mecanismo de pago moi similar a SET, que ofrece aos comerciantes unha solución rápida e segura para procesar os pagos con tarxeta de crédito a través de Internet.

5.4. Análise competitiva

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

> **AS FORZAS BÁSICAS QUE DETERMINAN O GRAO DE COMPETENCIA DENTRO E FÓRA DA ACTIVIDADE.**

> **AS PRINCIPAIS BARREIRAS DE ENTRADA E SAÍDA QUE EXISTEN NA ACTIVIDADE.**

OS PRODUTOS ALTERNATIVOS OU SUBSTITUTOS QUE COMPITEN CO COMERCIO ELECTRÓNICO.

> **O PODER DE NEGOCIACIÓN DOS CLIENTES E OS PROVEDORES.**

A lectura deste capítulo permitirache obter as conclusións que se sinalan no seguinte cadro:

FORZAS COMPETITIVAS	INTENSIDADE
INTENSIDADE DA COMPETENCIA	<p>Alta</p> <p>Na maioría das actividades existirá un importante (e crecente) número de empresas que inclúan o comercio electrónico entre os seus servizos.</p>
AMEAZA DE NOVOS COMPETIDORES	<p>Barreiras de entrada: Baixa</p> <p>Baixo custo de implantación do comercio electrónico.</p>
RESILIENCIA DE	<p>Barreiras de saída: Baixa</p> <p>Facilidade para darse de baixa no servizo.</p>

FORZAS COMPETITIVAS	INTENSIDADE
PRODUCTOS SUBSTITUTOS	Alta Existen servicios similares como a venda telefónica ou por correo, ademais do comercio tradicional.
PODER DE NEGOCIACIÓN DOS CLIENTES	Alta Baixa dependencia do proveedor. Diversas posibilidades de formas de pago.
PODER DE NEGOCIACIÓN DOS PROVEDORES	Baixa Moita competencia dentro do sector de provedores de servizo.

5.4.1. Evolución do número de empresas que usan comercio electrónico

Cantas empresas usan comercio electrónico en España?

Os datos procedentes da Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do INE, permiten afirmar que a evolución do uso do comercio electrónico por parte das empresas é aínda lenta e irregular.

Cadro 8: Empresas que emprega o comercio electrónico para a venda dos seus servizos, España (2001-2006) (%)

	2002	2003	2004	2005	2006
% empresas	2,6	2,95	3,49	8,02	7,83

Fonte: Enquisa do uso de TIC e comercio electrónico por parte das empresas. Instituto Nacional de Estadística (INE)

Como se pode observar, a pesar do incremento experimentado entre 2002 e 2004, só o 3,5% das empresas usaban comercio electrónico para vender os seus servizos ou produtos neste último ano. Pero vemos que no 2005 a cifra aumentou considerablemente chegando ao 8,02% das empresas que utilizan o comercio electrónico para realizar ventas.

5.4.2. Análise dos competidores potenciais

Que barreiras de entrada e saída existen na actividade?

As barreiras de entrada e saída, afectan ao nivel de competencia dun mercado porque, segundo a súa intensidade, aumentan ou diminúen o seu atractivo. Para ver o efecto das barreiras sobre o mercado, vaise poñer un exemplo: se as barreiras de entrada son baixas, haberá moitos emprendedores dispostos a iniciarse na actividade.

En relación coa posta en marcha do comercio electrónico, pódese dicir que as barreiras de entrada teñen unha importancia baixa, xa que o volume do investimento necesario para a creación dunha tenda virtual é reducido.

As barreiras de saída do mercado considéranse de intensidade moi baixa, xa que basta con deixar de contratar o servizo do provedor de servizo para abandonar a comercialización vía Internet.

No caso de ter solicitado préstamos existirá o problema da cancelación. As subvencións deberán ser devoltas no caso de que a empresa cese a súa actividade antes do período fixado na propia convocatoria das subvencións.

5.4.3. Produtos substitutos

Que alternativas existen ás empresas que usan comercio electrónico?

A identificación de servizos substitutos supón a busca doutros servizos que poidan cumprir a mesma función e, por tanto, satisfacer as mesmas necesidades que os produtos que ofrecen as empresas que utilizan comercio electrónico. Os substitutos inflúen sobre a competencia, xa que se teñen un prezo máis baixo e /ou atractivo maior que o servizo xerado polas empresas da actividade, parte da demanda desprazarase cara a el.

Como servizos substitutos ao comercio electrónico pódese aludir á venda por correo ou telefónica a través de catálogos, a tele-tenda a través da televisión ou as campañas de tele-marketing telefónico. Ademais, non se pode esquecer a competencia que exerce o comercio tradicional. Por todo iso, considérase que a presión dos produtos substitutos é alta.

5.4.4. Relacións cos provedores

Cales son as características principais dos provedores?

Que aspectos debo valorar para elixir un provedor?

Cal é a capacidade dos provedores para exercer presión sobre a miña empresa?

Os provedores poden exercer o seu poder de negociación sobre as empresas participantes na actividade ameazando con elevar os prezos ou reducindo a calidade dos produtos ou servizos, coa seguinte repercusión na rendibilidade da actividade ou na calidade que ofrecerás aos teus clientes.

Os provedores das empresas que utilizan comercio electrónico son os encargados de subministrar servizos como: acceso a Internet, aplicacións de Internet, empresas de telefonía, portais, entidades bancarias, deseñadores e desenvolvedores de webs, integradores de sistemas e outros axentes agregadores do comercio electrónico.

En canto aos principais aspectos dos provedores, é preciso valorar, ademais do prezo, elementos como as posibilidades inmediatas de comercio electrónico, a flexibilidade ofertada, o aforro de tempo e recursos, a posibilidade dun aumento da oferta de servizos e por tanto das fontes de ingresos, a oferta de múltiples modelos de facturación, soporte ao cliente automatizado, posibilidade de análise en tempo real, etc.

